

**EXTRACTO DOS ACORDOS DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 21 DE MAIO DE 2018.**

**Alcalde-Presidente:**

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

**Concelleiros:**

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D<sup>a</sup>. TERESA VARELA FISTEUS.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D<sup>a</sup>. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D<sup>a</sup>. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

**Secretario Xeral:**

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

**Interventor:**

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

**1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 21/2018 DE DATA 14 DE MAIO DE 2018.**

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 21/2018 do día 14 de maio de 2018.

**2.- EXPEDIENTE 755/2018. .CP4 OBRAS SUXEITAS A COMUNICACIÓN PREVIA.**

Acordouse a INEFICACIA DA COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS para legalizar un galpón destinado a galiñeiro sito no camiño da Costa núm. 14 en Donramiro – Lalín.

**3.- EXPEDIENTE 551/2018. REPOSICIÓN DA LEGALIDADE DE OBRAS TERMINADAS SEN LICENZA, COMUNICACIÓN PREVIA OU ORDE DE EXECUCIÓN, OU INCUMPRINDO AS CONDICIÓNS SINALADAS NAS MESMAS.**

Acordouse ordenar a R.L.L a demolición, á súa costa, do pendello destinado a galiñeiro, obxecto deste procedemento, sito no Camiño da Costa, nº 14 – Lalín.

**4.- EXPEDIENTE 2549/2018. EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO CON COLOCACIÓN DE MATERIAS DE ELECTRICIDADE, NECESARIOS PARA OS TRABALLOS A REALIZAR POLO OBRADOIRO DE EMPREGO “RIVERO SOCIAL LALÍN II”.**

Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 5.051,17 € (IVE engadido) con destino á contratación do subministro con colocación de materias de electricidade, necesarios para os traballos a realizar polo Obradoiro de Emprego “Rivero Social Lalín II” na execución das obras de acondicionamento interior no edificio rúa Manuel Rivero, 5.

**5.- EXPEDIENTE 280/2018. EXPEDIENTE 280/2018. CESIÓN DE TERREOS NO MONTE CARRIO E ACTUACIÓNS NO MESMO.**

Quedou pendente para un mellor estudo.

**6.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2739/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.**

Acordouse aprobar a relación de facturas (Relación nº 00028 por importe de (349.631,91€).

**7.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2738/2018. RELACIÓN DE FACTURAS.**

Acordouse proceder a recoñecer extraxudicialmente as facturas e documentos xustificativos do recoñecemento da obriga que forman parte do expediente, por un importe total de 10.226,20 €, segundo a relación que acompaña á proposta (Relación nº 00029).

**8.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 903/2018. LICENZA DE OBRA.**

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a rehabilitación dunha vivenda unifamiliar no lugar Sestelo, parroquia de Botos-Lalín).

**9.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2429/2017. REPOSICIÓN Á LEGALIDADE DE ACTUACIÓNS EN CURSO DE EXECUCIÓN SEN TÍTULO HABILITANTE OU ORDE DE EXECUCIÓN OU SEN ADAPTARSE ÁS SÚAS CONDICIÓN.**

Acordouse aprobar INFORME XURÍDICO RELATIVO Á RESOLUCIÓN DE PROCEDIMENTO DE REPOSICIÓN DA LEGALIDADE (exp. 2429/2017).

**10.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 511/2018. CONTRATO SUBMINISTRO POR PROCEDIMENTO ABIERTO, OFETA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA. UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN O PREZO MÁIS BAIXO.**

Acordouse Declarar deserta a licitación para a contratación por procedemento aberto, oferta económica máis ventaxosa, un só criterio de adxudicación (oferta económica) subministración de pellets para as caldeiras de biomasa da piscina municipal (CSU022018) (EE 511/2018).

**11.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2746/2018. LICENZA CAN POTENCIALMENTE PERIGOSO.**

Acordouse conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos e Inscribir a cadela de nome KENIA, de raza American Pit Bull Terrier, con microficha nº: 941000022511050, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín,

co nº 51.

**12.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 2744/2018. LICENZA CAN POTENCIALMENTE PERIGOSO.**

Acordouse Conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos e Inscribir o can de nome DRAKO, de raza Rotweiller con microficha nº: 941000022510939, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co nº 50.

**13.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5707/2017. LICENZA CAN POTENCIALMENTE PERIGOSO.**

Acordouse Conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos e Inscribir o can de nome BALIO, de raza American Stafforshire Terrier, con microficha nº: 941000019909612, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co nº 49.

**14.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5228/2017. SOLICITUDE LICENZA CANS POTENCIALMENTE PERIGOSO.**

Acordouse conceder licenza administrativa municipal para posuír animais potencialmente perigosos e Inscribir a cadela de nome LIS, de raza American Stafforshire Terrier, con microficha nº: 953010000103296, no Rexistro de Animais Potencialmente Perigosos do Concello de Lalín, co nº 48.

**15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 427/2018. PROPOSTA DE MODIFICACIÓN ACORDO.**

Acordouse Corrixir o erro apreciado no Acordo da Xunta de Goberno do 7 de maio de 2018 en relación “CONTRATACIÓN EXTERNA DA REDACCIÓN DUN ANTEPROXECTO PARA A DEFINICIÓN DE LALÍN CINTO VERDE .LA 06. LALIN SSUMA 21”

**16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5523/2017. RENOVACIÓN TARXETA ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE.**

Acordouse a Renovación da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía número 28/2017 con carácter DEFINITIVO.

**17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: 2823/2018. SOLICITUDE PECHE RÚA ROSALÍA DE CASTRO.**

Acordouse a rectificación da solicitude presentada o día 14 de maio de 2016, número de rexistro de entrada 3446 para a autorización para o peche da con motivo da ampliación de terrazas de locais da rúa Rosalía de Castro para os días 25, 26 e 27 de maio de 2018.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:15 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.